





CÁTEDRA

Revista eumesa de estudios

Consello de Redacción:

Alexandre Caínzos Corbeira
Carlos de Castro Álvarez
Andrés López Calvo
Rocío Pena Pena
Sindo Vilariño Gómez

Traducción e supervisión lingüística dos textos en galego:

Esther Leira Penabad

Fotografía da cuberta:

Escudo de Fernando Ruiz de Castro (1506-1575), marido de Teresa de Andrade. Está situado na fachada da Casa do Concello de Pontedeume. Foi picado no Trienio Liberal y volto a colocar con posterioridade.

Deseño da cabeceira da revista:

Noli Vilariño

Deseño e maquetación da portada e do interior:

Marga L. Lamas. FLOPS Estudio

Impresión:

LUGAMI. Artes gráficas

Colaboracións:

As colaboracións deberán dirixirse a
“Cátedra. Revista eumesa de estudos”
Biblioteca Municipal de Pontedeume
Rúa Couceiro Freijoomil, 5 - 15600 PONTEDEUME (A Coruña)
Telf. 981/43 25 98
Os traballos deberán ser inéditos.
O Consello de Redacción da revista, non se identifica necesariamente
coas opinións verquidas nos artigos publicados.

Edita: Concello de Pontedeume

Dep. Leg.: C-1702/93

ISSN: 1133-9608

Esta revista está subvencionada
pola **Fundación Caixa Galicia**
e a **Deputación Provincial da Coruña**

PRESENTACIÓN

É para min, como alcalde e como eumés, unha honra facer por primeira vez a presentación do volume nº 15 da nosa prestixiosa revista de investigación Cátedra.

Son xa quince anos sacando á luz unha morea de traballos sobre as máis diversas temáticas da nosa vila e comarca. Investigacións todas elas feitas para descubrirmos acontecementos históricos, personaxes do noso pasado... que en moitos casos descoñeciamos e que é grazas a estes artigos como se achegan a nós.

É por todo isto polo que temos que estar moi agradecidos a todos e a todas os colaboradores e as colaboradoras e investigadores e investigadoras que fan chegar a Cátedra eses descubrimentos, a través das súas investigacións, efectuadas nos arquivos, hemerotecas, etc., que posteriormente se nos dan a coñecer por medio da nosa publicación de estudos locais.

Somos conscientes de que a nosa revista é o motor de moitos achados, de gran interese para a nosa vila e comarca e por extensión para o noso País. É por todo isto polo que o noso compromiso dende o Concello é, e seguirá sendo, prioritario, por sacar ao prelo, todos os anos, esta importantísima revista eumesa.

Tamén quero deixar constancia, nesta a miña primeira presentación de Cátedra, do meu recoñecemento ao equipo de redacción da revista, polo seu moi meritorio traballo a prol da nosa historia local. É o seu un traballo silandeiro, pero moi importante, e que todos debemos recoñecer e do que estar fachendosos.

E xa para rematar, quero dar os parabéns aos investigadores e ás investigadoras que neste novo número quixeron deixarnos coñecer os seus novos traballos de investigación, e que hoxe xa todos podemos ler.

Gabriel Torrente Piñeiro
Alcalde de Pontedeume

